



DIFERENTES MODALIDADES DE COLABORACIÓN:

A continuación detállanse os diferentes servizos que ofrecemos, entendendo que cada un deles pódese solicitar por separado, escollendo todos os que respondan ás necesidades do organismo convocante. O custo final da colaboración axustarase a cada concurso segundo a envergadura do mesmo:

- Revisión e validación dos pregos (administrativos e técnicos) elaborados pola entidade convocante, así como a redacción dos mesmos e a elaboración ou compilación de toda a documentación a axuntar neste (fotografías, topográfico, xeotécnico, planos, programa de necesidades, etc.... si ben os documentos técnicos a contratar con outros profesionais correrán a cargo da entidade promotora do concurso, como por exemplo un levantamento topográfico, un estudo urbanístico, etc.)
- Xestión na formación do Xurado do concurso coa presenza de técnicos competentes de prestixio galegos, nacionais e internacionais en materia de proxectos, así como de representantes da Xunta de Goberno do Colexio de Arquitectos.
- Difusión da convocatoria na web do Colexio e a través do CSCAE con outros Colexios de Arquitectos de España e da U.I.A,
- Organización xunto cos técnicos da Entidade Convocante da xestión e coordinación da documentación a facilitar aos concursantes, responder ás consultas dos participantes durante o concurso nos termos establecidos nos pregos, difundir unha relación de consultas e aclaracións realizadas unha vez finalizados os prazos de consultas.
- Seguimento do concurso.
- Xestión na formación de comités de expertos encargados de avaliar as propostas técnicas e redactar os informes pertinentes.
- Confección dunha páxina web propia do concurso, que conteña toda a información do mesmo.
- Organización dunha visita técnica cos inscritos ao lugar do concurso.
- Actuar como Secretaría do Concurso.
- Organización dun acto público para a presentación do concurso na sede d Colexio de Arquitectos ou organización do mesmo no espazo que o organismo convocante estime oportuno.
- Organización dun acto público da entrega de premios na sede do Colexio de Arquitectos ou organización do mesmo no el espazo que o organismo convocante estime oportuno.
- Xestión dunha exposición das propostas presentadas e/ou finalistas e premiadas, na sede do Colexio de Arquitectos (ou no espazo que o organismo convocante estime oportuno), con conferencia a cargo do equipo gañador con posibilidade de sesión crítica do Xurado.
- Elaboración dunha publicación coas propostas presentadas.
- Deseño de carteis e outros soportes gráficos de difusión e promoción do concurso.
- Elaboración dunha publicación dos premiados unha vez se finalice a execución do mesmo.)

Para máis información pode contactar coa Oficina de Concursos na dirección: concursos@colexiodearquitectos.org".